



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Refer. PCO.001.2019.00090

Expte. Recurso nº 164/2020. Resolución nº 170/2020

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN A EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Nº 170/2020 DITADA NO RECURSO Nº 164/2020 EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DOS ENTES LOCAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2019.00090

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Con data 16 de outubro de 2020 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ditou a resolución nº 170/2020 no recurso nº 164/2020 interposto por GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A. contra o acordo de adxudicación da licitación, mediante acordo marco, para a prestación dos servizos de implantación dunha solución informática para a xestión das taxas e prezos públicos dos entes locais da provincia da Coruña, expediente PCO.001.2019.00090.

A Resolución do Tribunal estima o recurso, dispón a anulación do acordo de adxudicación e ordena a exclusión do adxudicatario, coa continuación das actuacións que procedan na licitación.

Así mesmo, a Resolución acorda levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP.

De conformidade cos artigos 57.4 e 59 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

- 1º) Dispoñer a execución da resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nº 170/2020, ditada no recurso nº 164/2020, nos seus propios termos.
- 2º) Levantar a suspensión do procedemento automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP.
- 3º) Executar a resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nº 170/2020, de data 16/10/2020, pola que se anula a Resolución da Presidencia nº 26379 de data 07/09/2020, na que se adxudicaba o acordo marco para a prestación dos servizos de implantación dunha solución informática para a xestión das taxas e prezos públicos dos entes locais da provincia da Coruña, expediente PCO.001.2019.00090, á empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L.U., con domicilio na Avda. Blas Infante, nº 6, 2ª planta- código postal 41400 Sevilla e CIF B41632332.
- 4º) Excluir da licitación a oferta presentada por AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L., polos motivos indicados na Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nº 170/2020.
- 5º) De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 21/10/2020 relativa á contratación do acordo marco para a prestación dos servizos de implantación dunha solución

informática para a xestión das taxas e prezos públicos dos entes locais da provincia da Coruña, expediente PCO.001.2019.0009, e ratificando as puntuacións outorgadas, requirir ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, á empresa **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.**, con NIF A81957367 e domicilio na Avenida Deportista Miriam Blasco, 1 bis; 03016 Alicante, para que dentro do prazo de **dez días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel en que recibise este requirimento, segundo se contempla no Prego de Cláusulas Administrativas particulares e de conformidade co establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), presente por medios electrónicos e con firma electrónica a seguinte documentación:

- A) A documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato, prevista na cláusula 14.1.

Si o licitador se atopa inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, estará dispensado de presentar os datos que figuren inscritos sempre que esa documentación correspóndase coa esixida na presente cláusula e atópese vixente. Para estes efectos deberá indicar esta circunstancia e número de inscrición.

- B) A documentación xustificativa de constituír a garantía definitiva por importe de 19.150,87 €, de conformidade co Epígrafe 10.a “garantía do acordo marco” (Cl. 10, 15) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, por calquera dos medios a que se refire o artigo 108 da LCSP.

Esta Resolución dítase en cumprimento da ditada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que é directamente executiva no seus propios termos, definitiva na vía administrativa e contra a que cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación da dita resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.